



“Residencias Land Art”

Residencias Land Art de creación comunitaria.

“Da terra que dá novas relacións entre arte e vida”

Residencias: do 22 maio ao 1 de xunio de 2023.

Lugar: Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos

Organiza: Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo.

Coordinación xeral: Xerencia da Rede Museística Provincial de Lugo.

Comisariado e coordinación: VACIOCERO Servicios Culturales.

Artistas: Lois Cid - Rosa Neutro - Alberto Odériz - Verónica Vicente.

Fotografía e Imaxe: © As artistas.

Deseño gráfico e comunicación: © VACIOCERO.

Un ano máis o Pazo de Tor situado na contorna de Monforte de Lemos abre as súas portas para recibir a catro artistas do panorama artístico actual. Este ano o escenario principal e o gran protagonista será o espazo natural que abraza e arroupa o Pazo, onde poderemos seguir de cerca procesos e conceptos artísticos ligados ás prácticas artísticas do Land Art, unha corrente onde se enlazan creación e natureza.

O proxecto é promovido pola Rede Museística provincial de Lugo, referente dunha rede de **museos sociais construídos por e para a sociedade baixo o estandarte de igualdade, accesibilidade, inclusión e sustentabilidade** a nivel europeo en xestión cultural e como plataforma de visibilización de creadores/as; contemporáneos/as.

Dende o seu nacemento, os pasos dados pola Rede Museística e o seu equipo de persoas foron imparables, deixando pegada ano tras ano, xerando impacto e cambio na lectura e construción dun Museo, crecendo coa súa comunidade, pensando en novas formas de chegar á poboación e dialogar e compartir Arte Contemporánea, de poñer en valor a creación e sobre todo as problemáticas propias da súa contorna desde unha perspectiva de xénero e sustentabilidade.

Días clave:

As residencias contarán cun período de 10 días para a realización dos proxectos artísticos. O período de creación abarca dende o día 22 de maio ata o 1 de xuño.

Luns 22 de maio	<i>Comezo das residencias e presentación ás 17h.</i>
Xoves 25 de maio	<i>Portas abertas 12h (encontro coa comunidade).</i>
Sábado 27 de maio	<i>Encontro cos profesionais Luz Darriba e Javier Tudela ás 12h.</i>
Xoves 1 de xuño	<i>Presentación e inauguración das propostas creadas.</i>



Sobre os proxectos e artistas

Lois Cid (Ourense, 1993) É graduado en Belas Artes pola universidade de Castela-A Mancha, ten un Máster en Fotografía pola Royal Academy de Amberese é, ademais, Técnico Superior de Fotografía pola EASD Antonio Faílde. Expuxo en festivais, galerías e espazos de arte nacionais e internacionais como: Encontros da Imagem (Braga, Portugal), Grosvenor Gallery (Manchester, Reino Unido), XPO (Enschede, Países Baixos), FOMU, (Amberes, Bélxica) Lamosa, Laboratorio Modulable Artístico (Cuenca) e na Galería Dispara (A Estrada, Pontevedra), entre outras.

Seguindo coa súa práctica artística Lois Cid achégase a Tor cun proxecto aberto no que traballar con espazos concretos nos que se relaciona con eles a través de mecánicas fotográficas que fixen a imaxe a un soporte e tamén con materiais base que compoñen o terreo que transforma e intervén.

Rosa Neutro (Cangas do Morrazo, 1979) é artista, licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e con estudos de deseño gráfico na Escola de Arte Antonio Faílde, Ourense. Nos últimos anos participou en diversas exposicións individuais e colectivas. “*Pequena enciclopedia de fotografía (fragmentada)*” na Sala Maruja Mallo da sede da Deputación de Pontevedra en Vigo (2022) é a súa última exposición individual. “*Estéticas do cinema*” (*Semana de cine de Cangas, 2021*); unha retrospectiva das súas principais obras inspiradas no cinema clásico. “*Un cuarto propio*”, proxecto premiado na convocatoria de comisariado da sala Zona C de Santiago de Compostela (2017).

Dogma natura [violeta e rosa] ou como ensinar Land Art a unha nena

Nesta proposta súxírese partir do dogma da arte, concretamente dun conxunto de crenzas e fundamentos que vertebran a creación artística desenvolvida no entorno da natureza, para subverter certas prácticas deste campo que exclúen cuestións que teñen que ver coa conciliación, os coidados, a infancia e a diversidade.

Alberto Odériz

(Pamplona, 1983), arquitecto pola ETSA de Barcelona en 2008. Mestría de Análise Teoría e Historia da Arquitectura e a Cidade na UNAM cunha tese sobre a destrución do espazo público na Cidade de México. Desde 2010 reside entre Navarra e México onde compaxina o seu traballo como escultor con outras disciplinas como o urbanismo ou a docencia (profesor do seminario de investigación na Mestría en Vivenda e en Ciudad en CENTRO- México). Amosou o seu traballo en España (Museo de Navarra, Centro Huarte, GALERÍA NORDÉS en Santiago de Compostela, en ARCO) e en México (Centro Cultural de España en México, UNAM, PROXECTOR ou a feira MACO) entre outros.

Granito é un proxecto escultórico ao redor da temática do Land Art e pensado para realizarse na contorna do Pazo de Tor en Lugo. É un marco de traballo a partir do material pétreo principal que se extrae en Galicia: o granito.

O escultor e arquitecto Alberto Odériz tratará de investigar a pedra na súa relación coa paisaxe e coa sociedade que a usa e transfórmaa. O material protagonista é o granito galego e os traballos principais que se realizan sobre el nas canteiras que consisten na selección da pedra, o seu mercado e as técnicas de división, transporte e almacenaxe. Desta forma a escultura propón un diálogo coa contorna física e social do lugar introducindo as ferramentas e a linguaxe propia da escultura. Un diálogo en dúas direccións, por unha banda o escultor aprenderá do material, desde as súas condicións físicas, a súa disposición no territorio pero tamén dos procesos de extracción e transformación que se realizan nas canteiras galegas. No outro lado da interacción utilizarase as ferramentas da arte desde a escultura, o debuxo, a fotografía ou o vídeo para interpretar ese proceso.

Verónica Vicente (Tomiño, 1988) é graduada en Belas Artes pola UVIGO, conta cun Mestrado en Fotografía Conceptual e Artística da Escola EFTI e outro en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas da USC. O seu traballo explora temas relacionados coa identidade na sociedade contemporánea, cuestións existenciais ou as fronteiras do corpo. Entre os seus recoñecementos destaca o Premio de Fotografía Joven da Fundación Enaire. Expluxo de forma individual na Fundación Rac, en Espacio Alexandra, dentro do programa OFF de PhotoEspaña, ou en galería La Gran. A súa obra forma parte de coleccións como as do CGAC, Fundación Rac, Centre d'Art La Panera, Museo Nacional de Escultura ou Fundación Bienal de Arte de Cerveira.

A figura da árbore pode ser entendida como símbolo do transcurso do tempo e os ciclos vitais continuamente reactivados a través da caída das follas no outono para dar paso ao seu regreso na primavera como brotes novos. Metafóricamente a nosa existencia escríbese nas follas. Exponse así unha reflexión sobre a relación da identidade co paso do tempo, sobre a paisaxe emocional máis persoal e íntimo e sobre o vínculo co territorio dos habitantes da zona. O proxecto levará a cabo con colléitaa de libros da contorna, base e sustento do proceso creativo da artista.